

ΔΙΑΔΑΓΜΑ

I'

1 As voces media e pasiva

2 A vida diaria dos antigos gregos (I)

ΒΛΕΠΕ!

Neste Tema, a presentación completará o texto que se ofrece máis abaixo sobre algúns aspectos da vida cotiá na Antiga Grecia, e que será completado no Tema seguinte.

1. Ὁ παλαιός Ἑλληνικός βίος (Α') ("A vida na Antiga Grecia - I"): nesta primeira parada na vida diaria dos antigos gregos atenderemos ás fases da vida, a vivenda, os oficios, a hixiene, e mais a vestimenta e imaxe persoal.



ΑΝΑΓΙΓΝΩΣΚΕ!

Funcionamento da oración pasiva

A voz pasiva verbal implica unha construción igual á que coñecemos nas nosas linguas:

SUXEITO PACIENTE – VERBO EN PASIVA – COMPLEMENTO AXENTE

A expresión do complemento axente en grego ten dúas modalidades:

construción	exemplo
preposición ὑπό + XENITIVO (se o complemento alude a unha persoa)	Φιλοῦμαι ὑπὸ τοῦ πατρός ("Son amado polo meu pai")
DATIVO sen preposición (se o complemento non alude a unha persoa)	Κωλύονται τῷ νόμῳ ("Son prohibidos pola lei")

A vida diaria dos antigos gregos (I)

O que coñecemos da vida cotiá dos antigos gregos baséase sobre todo nos datos arqueolóxicos e no que nos transmitiron os propios escritores antigos. Debido ó gran desenvolvemento cultural e económico de Atenas, a maior parte do que sabemos refírese ós habitantes desta cidade. Tamén temos datos sobre como era a vida en Esparta mediante o contraste entre as dúas cidades rivais. De todos xeitos, nas demais poboacións a situación non debía de ser moi diferente, aínda que parece que a realidade ateniense era compartida por máis πόλεις que a espartana.

1. FASES DA VIDA

1.1. Nacemento e entorno familiar

Cando se producía un nacemento nunha casa grega, anunciábase pendurando na porta da casa unha rama de oliveira (se era un neno), ou un anaco de la (se se trataba dunha nena).

Ó 5º ou 7º día celebrábase na casa a festa das Anfidromias: corriase arredor do lume do fogar co recén nacido en brazos, despois de darlle un baño ritual purificadorio. Ó 10º día facíase un sacrificio ós deuses, acompañado dun banquete, e impoñíase o nome ó rapaz ou rapaza. De tratarse dun cidadán (varón), constaba de tres elementos: nome propio, nome do pai en xenitivo, e *demos* (distrito urbano) de procedencia: Ἀλκιβιάδης Κλεινίου Σκαμβωνίδης (“Alcibiades, fillo de Clinias, do *demos* de Escambonidai”), por exemplo. No caso das mulleres, era habitual que se referisen a elas mediante a fórmula “filla de...” ou “esposa de...”, en lugar de mencionalas polo seu nome propio, que adoitaba ser un nome masculino con terminación feminina (Νικομαχή, contrapartida de Νικομάχος, p. ex.), ou unha forma diminutiva dun nome de varón (Ἀρίστιον, derivado de Ἀριστος, p. ex.).

O xefe da casa é sempre un home, que ten poder sobre todos os membros do núcleo familiar. O seu obxectivo é garantir a supervivencia do seu nome, polo cal debe casar para enxendrar un herdeiro varón; se a súa esposa é estéril, pode repudiala ou tomar unha concubina para asegurar a súa descendencia, que en calquera caso se prefere dun só fillo, para non ter que dividir o patrimonio. En caso de embarazos non desexados, permítese o aborto e tamén o abandono dos fillos (sobre todo se son nenas) mediante exposición: déixaselles na vía pública para que alguén os tome como escravos. En Esparta, ademais, practicábase a euxenesia: examinaban os fillos varóns recén nados e, de atopárselles algún defecto, non se lles permitía vivir.

Como se pode deducir do anterior, a situación da muller na sociedade grega era de completa subordinación ó home. Permanecía pechada na casa do seu titor legal (o seu pai, o seu irmán maior, o seu marido ou o seu fillo maior, segundo os casos). O cuarto destinado ás mulleres da casa chámase xineceo. Cando o seu titor estaba ausente, ela gobernaba a vivenda, mantendo a custodia das chaves da despensa. Nas poucas ocasións en que se lle permitía saír (case exclusivamente durante algunhas festas relixiosas), ía acompañada sempre dunha escrava. Este aillamento seguramente era menos estrito entre as mulleres das clases pobres e, de feito, en Esparta as mulleres podían saír á rúa; esta maior liberdade debíase á estima que os espartanos tiñan polas súas mulleres: eran as encargadas de traer ó mundo novos guerreiros, e mesmo, se os

seus esposos non as satisfacían nese sentido (por ser demasiado maiores, por exemplo), podían unirse sexualmente a outros homes para garantir a descendencia.

Por suposto, a función principal da muller grega era casar e ter fillos. E, desde logo, non se lle permitía elixir marido, posto que ese dereito estaba reservado ós seus pais ou titores legais. Considerábase que a voda podía celebrarse cando a noiva cumpría os 14 anos, aínda que en xeral o casamento tiña lugar ós 16, normalmente cun home de 38 anos ou máis. Cando se acordaba o compromiso (ἐγγύησις), fixébase o dote que a noiva debía achegar e tamén a data da voda, para a que se consideraba preferible o mes de Gamelión (correspondente, máis ou menos, ó noso xaneiro). A celebración nupcial, segundo o costume ateniense, duraba tres días:

- véspera: ofrecíanse sacrificios a Zeus, Hera, Artemisa, Apolo e Peithó (a Persuasión). A noiva consagraba ós deuses os xoguetes da súa infancia e dábbase un baño purificadorio con auga da fonte Calírroe (en Atenas).
- día da voda: preséntase a noiva, cuberta cun veo e acompañada dunha muller maior. A continuación celébrase o convite nupcial (cos homes separados das mulleres), e entréganse agasallos á noiva. Ó rematar a comida, os noivos diríxense nun carro á súa nova casa (previamente decorada con flores), seguidos polos convidados, que van entoando uns cantos chamados himeneos. Na casa agárdanos os pais do noivo, que botan sobre os novos esposos noces e figos, e ofrécenlles un pastel de vodas. A parella entra no seu dormitorio (θάλαμος), mentres un amigo vixía a porta da casa, e os convidados continúan cos seus cantos.
- día seguinte: os convidados traen novos agasallos e o pai da noiva fai entrega do dote.

A iniciativa de divorcio correspondía case exclusivamente ó marido que, en tal caso, debe devolver o dote. A muller, en caso de poder demostrar malos tratos, tiña o dereito de obter tamén a separación legal.

1.2. Educación

Coñecemos bastante ben dous modelos educativos: o espartano e o ateniense, que veremos a continuación.

1.2.1. Esparta

A educación espartana centrábase na preparación para a guerra. Entre os 7 e os 16 anos, os rapaces espartanos recibían unha instrución militar moi estrita, vixiada por un profesor (o παιδονόμος). Ó comenzar rapábaselles o cabelo, dábanelles unha pequena capa como única roupa, e eran encadrados en grupos, cada un deles a cargo dun alumno de maior idade. Aprendían técnicas de supervivencia, entre as cales se contaba o saber roubar comida sen ser sorprendidos; se o eran, recibían un castigo a base de vergallazos. A música formaba parte tamén da súa preparación, pois as manobras militares executábanse ó son de cancións. Por outra parte, cando cumprían os 12 anos, eran iniciados polos maiores nas prácticas sexuais. Como remate da súa formación, eran enviados ós campos próximos á cidade coa misión de capturar un escravo ilota e matalo. Despois diso, pasaban a formar parte do exército.

1.2.2. Atenas

Nos seus primeiros anos, a educación do neno ateniense corría a cargo da súa nai, que lle narraba contos tradicionais e lle proporcionaba xoguetes. A partir dos 8

anos, a educación recibíase fóra do fogar. Non estaba regulada polo Estado, senón que se trataba dunha actividade privada, que acollía os nenos entre 8 e 14 anos, por regra xeral, dependendo da capacidade económica de cada familia: os máis ricos podían prolongar a súa instrución ata os 18 anos, mentres os máis pobres só aprendían a ler. O programa baseábase nunha triple formación, centrada na educación física, musical e literaria-aritmética, cada unha delas encomendada a un profesor especialista:

- **παιδοτροιβης:** a instrución tiña lugar na palestra (παλαίστρα), un recinto parecido ós ximnasios actuais. Os alumnos practicaban os exercicios ó son da música, espidos, e untándose de aceite e area, mistura que logo retiraban coa axuda dun pequeno fouciño chamado *estríxilo* (ξύστρα) para, finalmente, lavarse. As especialidades atléticas que aprendían reuníanse nun conxunto chamado *péntathlon*: loita, carreira, salto de lonxitude, lanzamento de disco e lanzamento de xavalina. Ademais, practicábanse outras dúas modalidades de loita: o puxilato (parecido ó boxeo actual) e o pancracio (unha especie de loita libre).
- **κιθαριστής:** este era o profesor de música, que ensinaba a tocar a lira, a cítara, o αὐλός (un tipo de oboe dobre), e tamén a cantar.
- **γραμματιστής:** con el aprendíase a ler e escribir, nunha primeira fase. Máis adiante, os alumnos memorizaban e declamaban fragmentos dos autores máis recoñecidos, principalmente os épicos Homero (*Ilíada e Odisea*) e Hesíodo (*Teogonía, Os traballos e os días*). Como o sistema numérico dos gregos se baseaba no alfabeto, coas letras aprendíase tamén aritmética.

O alumno era acompañado á escola por un escravo encargado da súa custodia e bo comportamento: o παιδαγωγός (pedagogo). Por outra banda, dentro das clases medias-altas atenienses era habitual que o rapaz se puxese baixo a protección dun adulto, que se convertía no seu mentor en cuestións cívicas e éticas. Entre un e outro adoitaban xurdir uns vínculos de afecto que ás veces desembocaban en relacións sexuais, as cales non estaban mal vistas pola comunidade: é o que se coñece como pederastia (cun sentido diferente ó que se lle dá hoxe en día).

A partir do s. IV a.C., coa evolución da sociedade ateniense, aparecen niveis de estudos superiores. Esta tendencia comezou coa aparición duns mestres ambulantes chamados *sofistas*, que impartían coñecementos avanzados do que hoxe chamamos xeometría, física, astronomía e matemáticas, saberes conxuntamente denominados na época como *filosofía*. Xa Pitágoras de Samos, no s. VI a.C., fundara unha escola deste tipo, pero tiña un elemento relixioso ausente nos sofistas. Tras estes, as principais escolas de pensamento foron a Academia de Platón e o Liceo de Aristóteles.

1.3. Vellez e morte

A sociedade grega tiña un gran respecto polos anciáns, e os fillos tiñan o deber de asistencia a seus pais durante a vellez. Só estaban exentos del se o seu pai non lles ensinara a gañar a vida ou non os dotara dos medios necesarios.

A morte era obxecto dunha serie de ritos, algúns dos cales non son diferentes dos doutras culturas mediterráneas, e que teñen como finalidade garantir o descanso da alma. Por iso se consideraba unha gran calamidade que un cadáver non tivese uns funerais axeitados.

Comezábase por lavar e vestir o cadáver, ó que se lle introducía unha moeda na boca (era costume grego usarlá como moedeiro) para pagar a Caronte, o barqueiro

mitolóxico que conducía as almas ó outro lado da lagoa Estixia; tamén se lle poñía un pastel nas mans, destinado a calmar a Cérbero, o can que, segundo estas crenzas, gardaba a entrada ós dominios de Hades, deus do Inframundo. Logo expoñíase o cadáver no vestíbulo da casa, cos pés apuntando á porta de entrada. No exterior colocábase un recipiente con auga purificatoria, o que indicaba ós transeúntes que na casa se producira unha morte.

A procesión fúnebre tiña lugar de noite, e dirixíase ás afóras da cidade. No caso dos asasinados, ese desfile ía encabezado por unha persoa que portaba unha lanza. Ó chegar ó lugar indicado, realizábase a inhumación (propia das clases baixas) ou a cremación (preferida polas clases altas) do cadáver. O sitio indicábase mediante algunha clase de signo, habitualmente algún tipo de pedra tallada, ás veces cunha inscrición (epitafio). Finalizado o ritual, os asistentes volvían á súa casa, onde se bañaban para purificarse do contacto coa morte; do mesmo xeito, a casa do finado era igualmente purificada con auga de mar.

Nos aniversarios facíanse libacións (derramamentos de bebidas) de leite e viño na tumba, e tamén se levaban alimentos.

2. VIVENDA

A arqueoloxía amósanos que en Atenas a maioría das casas eran pequenas e de baixa calidade. Con todo, as construcións públicas, como se pode deducir dos restos da ágora e a Acrópole, realizábanse con especial coidado. Isto parece indicar que os atenienses daban máis valor ós espazos comúns que ós privados, e que gran parte da vida se desenvolvía ó aire libre.

Téñense atopado vivendas simplemente excavadas en rochas, con apenas tres habitacións. Outro modelo consistía en adosar tres paredes a unha rocha. Se as casas tiñan dous pisos, ó superior accedíase por unha escaleira exterior. Tamén se teñen excavado restos de construcións máis grandes, que parecen ser vivendas colectivas.

As paredes eran de moi mala calidade, ata o punto de que se podían furar doadamente, o que aproveitaban os ladróns. Isto tamén era útil se, en caso de perigo (un ataque estranxeiro, por exemplo), se quería fuxir dunha casa a outra por unha parede medianeira. Como os gregos non coñecían o vidro, as fiestras pechábanse con paneis de madeira.

Para cociñar facíase lume fóra da casa e levábase dentro; para a extracción de fume, simplemente erguíase un anaco do teito (cando non se pagaba o aluguer, o dono levábao enteiro).

Os cidadáns máis ricos tiñan residencias máis amplas e de maior calidade fóra do núcleo urbano. Adoitaban ser de planta cadrada ou rectangular, de dous niveis e coas dependencias orientadas cara a un patio interior porticado. Estas incluían, na planta baixa, unha ampla sala para banquetes (decorada con mosaicos e paredes pintadas), unha sala de estar, e un comedor de diario (con baño e cociña a cada lado); no nivel superior situábanse os dormitorios e o xineceo.

En canto ó mobiliario, crese que era, en xeral, escaso: mesas, cadeiras, taburetes, camas e arcóns (nos que se gardaban a roupa e os obxectos de valor).

3. MEDIOS DE VIDA

3.1. A agricultura

Desde tempos moi antigos, as clases altas gregas consideraron como única ocupación digna a de propietario agrícola, dado que dos terreos familiares, nos que se practica a agricultura e a gandería, se pode obter todo o necesario para a vida (alimentos, vivenda, vestido), facendo que o dono sexa un home completamente libre. Por tanto, o traballo remunerado desprezábase, xa que convertía un home en dependente doutro.

Cultivábanse principalmente cereais (trigo e cebada), vide, oliveiras, figueiras e mel (apicultura). A actividade gandeira centrábase nas vacas e bois, as mulas, as ovelas, as cabras e os porcos.

O tamaño das explotacións variaba segundo as zonas. Desde antigo, a terra tendeu a concentrarse en moi poucas mans. En Esparta a situación mantívose así, e os terreos estaban traballados polos escravos ilotas en condicións moi duras. Pola contra, en Atenas os latifundios dividíronse no s. VI a.C., e apareceron propiedades de diversos tamaños: pequenas (cultivadas pola familia dos donos e moi poucos escravos), medianas (o propietario só supervisa) e grandes (o dono non vive na propiedade e confía a supervisión a un escravo capataz).

3.2. Artesanía e comercio

Co desenvolvemento de Atenas, durante o s. V a.C., aparecen os produtos manufacturados e prospera o comercio, sobre todo por vía marítima. Esta situación contribuíu á aparición dunha nova clase adiñeirada, desprezada polas clases altas terratenentes, pero que rematou facendo valer os seus intereses, transformando o sistema de goberno e conseguindo que evolucionase dunha oligarquía (“goberno duns poucos”) a unha democracia (“goberno do pobo”, entendendo por “pobo” só as persoas con dereito a voto).

Deste xeito, en Atenas apareceron empresas de tamaño e importancia variable, que empregaban xente de diferente nivel social: os traballos máis duros, como a minaría, reservábanse ós escravos (ós que non había que pagar); os de esixencia media ós metecos (estranxeiros), e os máis cómodos ós cidadáns. As actividades principais eran a cerámica, a forxa, os estaleiros, a minaría (de prata, sobre todo), os curtidos e os tecidos. Os donos dos negocios vendían directamente os seus produtos (ó por maior), ou distribuíanos a través de empresarios minoristas, que instalaban as súas tendas na ágora. Entre os primeiros, os máis exitosos constituíron grandes empresas (ἐμποροί), que se dedicaban á importación e exportación por vía marítima, vendendo produtos manufacturados e comprando sobre todo cereais, que eran a base da alimentación ateniense, e nos cales a Ática era deficitaria: o trigo traíase de lugares tan afastados como Exipto, Sicilia e as costas do Mar Negro.

Tamén apareceron nesta época profesións que hoxe chamamos liberais, e que exercían algunhas persoas pola súa conta e risco, como a de médico ou a de farmacéutico.

Na Época Clásica o comercio non se baseaba xa no troco, como en tempos máis antigos, senón na circulación da moeda. Cada πόλις acuñaba a súa propia, pero o prestixio de Atenas fixo que a súa moeda de prata, o dracma, se convertise na máis

demandada no mundo grego. Era recoñecible pola efíxie de Atenea, acompañada por unha curuxa.

4. HIXIENE, VESTIMENTA E IMAXE PERSOAL

4.1. Hixiene

Os gregos tiñan, en xeral, moito interese pola hixiene como aspecto básico da saúde. Os máis pobres empregaban as fontes públicas para asearse, mentres os máis acomodados instalaban baños nas súas casas.

Cada ximnasio (recinto no que se practicaba exercicio físico) dispoñía dun baño, e a partir do s. IV a.C. apareceron os baños públicos, con servizo de auga quente. Estes eran moi frecuentados pola poboación, e as clases máis pobres pasaban alí moitas horas no inverno para protexerse do frío.

4.2. Vestimenta

Como en todos os pobos do Mundo Antigo, a roupa grega caracterizábase pola súa sinxeleza: a peza básica, que chamamos en xeral “túnica”, era rectangular, con ocos para a cabeza e as mangas (con costuras nos costados), atada á cintura cunha corda ou cinta, e con caída ata a metade das pernas (sen roupa interior). Este deseño favorecía a liberdade de movementos e mitigaba o calor que ía boa parte do ano; ademais, servía como prenda para durmir. Facíase de la, pero as prendas máis caras fabricábanse en liño, un luxo que se debía importar. O deseño básico tiña variacións, dependendo do sexo e a clase social ou o oficio. Por outra banda, existían máis tipos de prendas, que podemos chamar en conxunto “mantos”, destinados a porse por riba da túnica para abrigarse. Un resume das posibilidades pode verse na seguinte táboa:

HOMES			MULLERES		
túnicas	ἐξομῖς (exomís)	Propia de escravos, obreiros e soldados. Deixa un ombro descuberto e fíxase no outro cunha fíbula ou un nó	túnicas	simple	Cosida, sen fíbulas
	χιτὼν (quitón)	Propia das clases máis ricas. Fíxase nos dous ombros		πέπλος (peplo)	Orixinario de Esparta. É aberto e máis curto que a túnica. Fíxase con fíbulas nos ombros. Non adoita levar cinto nin costuras nos lados. O tecido que sobra polas costas pode servir de carapucha

mantos	ἱμάτιον (himation)	Peza rectangular de la sen costuras que se envolve arredor do corpo, cara á dereita. O tecido sobrante apóiase nun bastón, aínda que se pode dobrar para moverse máis libremente. É a prenda única para os máis pobres	mantos	De forma variada, semellantes ós masculinos, aínda que máis coloridos
	χλαμύς (clámide)	Propia de soldados. Máis ríxida e curta que o ἱμάτιον, prendíase no lombo e flameaba co vento		

A indumentaria completábase co calzado, que se reduce a dous tipos básicos: sandalia (piso de madeira ou coiro con tiras que cobren o empeine e se atan á parte inferior da perna) ou bota (cobre o empeine e sobe ata o nocello).

Outro tipo de complemento frecuente era o sombreiro: podía ser un simple pucho, que se levaba na cidade (sobre todo os escravos), ou un tocado máis elaborado, de la, coiro ou palla e con á, que se usaba durante as viaxes: o pétaso (πέτασος).

4.3. Imaxe persoal

Os sexos e as clases sociais tamén se distinguían por outros elementos do seu aspecto persoal.

4.3.1. Cabelo

Os escravos levaban o cabelo sempre rapado ó cero, e os homes libres compoñíano, igual que a barba. As modas variaron ó longo dos séculos: na Época Clásica estaba ben visto o cabelo curto -aínda que non excesivamente-, e a barba, mentres que na Época Helenística se apreciaba máis o rostro masculino afeitado. Os nenos atenienses levaban o pelo longo, que cortaban ó chegar á idade da efebía: o período de dous anos (dos 16 ós 18) no que os rapaces recibían instrución militar. En Esparta a situación era a contraria: os nenos levaban o cabelo curto, e deixábano medrar ó chegar á idade adulta.

As mulleres levaban o cabelo longo (agás en período de loito), aínda que durante a idade infantil recollíano nun moño. Ó converterse en adultas, o cabelo era un elemento que traballaban para realzar o seu atractivo: rizados, recollidos, tinguidos e postizos formaban parte das posibilidades que tiñan ó seu alcance. En canto ó velo corporal, preferían depilalo.

4.3.2. Adornos

As mulleres levaban gran variedade de xoias: pendentes, broches, aneis, brazaletes... Os homes, pola contra, só adoitaban levar un anel, que era en realidade un selo co que asinaban documentos. Tamén estaba bastante estendido o uso dos perfumes, máis ben orientado ás mulleres.

ΈΡΓΕ!

1. Analiza e traduce as seguintes secuencias:

α) Οἱ θεοὶ ὑπὸ τοῦ Διὸς βασιλεύονται

β) Αἱ ψυχαὶ τῇ κακίᾳ χωλεύονται

γ) Θεραπεύσεσθε ὑπ' ἀγαθῶν ἰατρῶν

δ) Ταῖς τῶν ἄλλων συμφοραῖς παιδευόμεθα

ε) Οἱ Ἀθηναῖοι ὑπ' ἀρχόντων ἐπολιτεύοντο

ζ) Οἱ ἀριστοὶ τῶν στρατιωτῶν πρὸ τοῦ στρατηγοῦ ἐφονεύθησαν

η) Πρὸς τοὺς Ἀθηναίους ἐπρεσβεύεσθε

θ) Πολλοὶ μὲν τῶν ἀρίστων πολιτῶν ἐφυγαδεύοντο ὑπὸ τῶν Τριάκοντα, πολλοὶ δὲ ἐμηνεύοντο ὑπὸ τῶν φίλων

ι) Ἡ γέφυρα ὑπὸ τῶν πολεμίων λέλυται

κ) Γρύλλος, ὁ Ξενοφῶντος υἱός, ἐν Σπάρτῃ ἐπεπαίδευτο

λ) Οἱ στρατιῶται ἐπορεύοντο διὰ χιόνος πολλῆς

μ) Οἱ ψεύσται πολλάκις γίνονται κλέπται

ν) Αἱ Σπάρτης παρθένοι ἐλούοντο καὶ ἐχρίοντο τὰ σώματα

ο) Ἀλέξανδρος εἰς τὴν Λιβύην ἐπορεύθη

π) Ἀγαμέμνων καὶ Μενέλαος σὺν Ἀργείοις καὶ τοῖς ἄλλοις Ἀχαιοῖς ἐστρατεύσαντο εἰς Ἴλιον

ρ) Οἱ Ἕλληνες ἐστρατεύσαντο πρὸς τοὺς βαρβάρους ἐν Ἀσίᾳ, καὶ πολλάκις ἐστρατοπεδεύσαντο ἐν πλουσίαις κώμαις

ς) Οἱ Θηβαῖοι ἐν τῷ πρὸ τῆς Κορωνείας τὸ τῆς Ἰωνιάδος Ἀθηνᾶς ἱερόν ἰδρύσαντο

2. Completa os dous cuestionarios do Tema na Aula Virtual do Curso.